


CONCURSO LITERARIO "MÁIS CA PALABRAS 2017"



**Modalidade:
BOOK TRAILERS**

Un book trailer é un vídeo curto, similar aos trailers que promocionan unha película ou serie de televisión, pero que serve para promocionar un libro. Nel ponse de manifesto, a través de música, imaxes, secuencias gravadas, etc, os aspectos máis atractivos do libro para captar a atención dos lectores.

Un book trailer suxire acontecementos da historia pero sen desvelar a trama. Poden aparecer textos seleccionados do libro orixinal, escritos ou narrados. En canto ás imaxes, estas poden tomarse do propio libro, se está ilustrado, ou pódese recorrer a outras que se adapten ao que se conta na historia.

En definitiva, un book trailer ten como finalidade animar as persoas a que lean o libro e funciona como un pequeno avance do que van atopar.

BASES

- * Debe ter unha duración curta, isto é, 1 ou 2 minutos aproximadamente.
- * Tratará sobre unha obra literaria que liches ou estás lendo en lingua galega.
- * Nel, debe aparecer o título do libro, autor e editorial.
- * As imaxes poden tomarse do propio libro, se está ilustrado, ou ben poden ser fotos ou vídeos realizados por ti.
- * Os textos que aparezan poden ser escritos ou orais (a través dunha voz narradora) e poderán tomarse de fragmentos extraídos do libro ou ben creados por ti mesmo.
- * O vídeo levará algún tipo de efecto sonoro ou música.
- * Poderá participar todo o alumnado do centro.
- * Prazo de entrega: 31 de marzo de 2017.
- * Haberá un 1º, 2º e 3º premio para o primeiro ciclo da ESO e un 1º, 2º e 3º para o segundo ciclo.
- * Entregaredes as vosas creacións ás profesoras de Lingua Galega; pois estas teranse en conta nesta materia, podendo conseguir ata un punto que se sumará á nota final da 2ª avaliación.
- * Os autores/as premiados tamén recibirán un agasallo e participarán nunha viaxe a un centro multiaventura no mes de xuño.